

Apresentación

Neste número 18 do Boletín damos conta na sección de **EsCULcA** dos escritos que enviamos a diferentes representantes institucionais para manifestar, mais unha vez, a nosa opinión contraría a que participen, como tais, en actos e ritos de carácter relixioso.

A seguir, na sección **Análises e Relatórios**, publicamos tres artigos. No primeiro, de Vítor Vaqueiro (“Da credibilidade fotográfica”), o autor revela o comportamento “instintivamente” falaz da imaxe técnica e pregunta-se que intereses favorece a defensa do estatuto de verdade da fotografía, apuntando el mesmo a resposta. No segundo (“O casamento polo rito xitano”), Elvira Landin analiza a sentenza do Tribunal Constitucional pola que se denega a pensión de viuvez a unha muller cigana casada polo rito da súa etnia e, despois de revisar algúns precedentes xurisprudenciais, define a posición do TC como de “fechada rixidez”. Por último, resumimos un texto da asociación portuguesa República e Laicidade (“A república portuguesa e a laicidade”) en que se examinan as prácticas e normas legislativas que subverten o principio da estrita separación do Estado e as igrexas estipulada na Constitución de 1978.

Na sección de **Breves** informamos da decisión do TS de Galiza de estimar o recurso interposto por Mamadou Kane contra a readmisión dos axentes que no seu día o secuestraron e submeteron a maus tratos; da acción policial contra os vendedores ambulantes na Rúa Real da Coruña, do paso atrás que significa a sentenza do Tribunal Supremo a favor do ficheiro de persoas portadoras de VIH, da difusión, cada vez mais estendida, da vídeo-vixilancia (mesmo privada) e da gravación irregular de actuacións policiais; do papel atribuído ao profesorado de relixión no ensino público galego; de diversos casos de persecución xudicial por supostas “inxurias” a institucións públicas ou aos seus representantes; da aprobación dunha Resolución do Consello de Dereitos Humanos da ONU que vulnera a lexislación internacional en materia de liberdade de expresión “para garantir o respecto ás relixións”, etc. Tamén relatamos diversos episodios que ilustran a deriva anti-democrática da República Federal de Alemaña ou o endurecemento das políticas europea e española en relación con os refuxiados e os menores migrantes.


En **Biblioteca** suxerimos dúas leituras relacionadas con os principios da laicidade (Qu’est-ce que la laïcité ?,) e a súa filosofía educativa (Hacia la escuela laica) así como o relatório Censored 2006, que publica a Universidade Estatal Sonoma de California sobre noticias censuradas nos grandes medios..

O pasado 10 de Xullo, EsCuLcA enviou escrito à Presidenta do Parlamento de Galiza, Sra. Villarino Santiago, para lle manifestar a nosa crítica por ter aceptado actuar como delegada réxia na chamada Oferenda ao Apóstolo, lembrando a necesidade de as institucións públicas manterem un respecto escrupuloso ao principio de aconfesionalidade e neutralidade en relación com as diversas igrexas ou cultos relixiosos existentes.

“Como ben sabe V., o Estado español é aconfesional: “Nengunha confesión terá carácter estatal”. A aconfesionalidade implica “un principio de neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa”, principio que veda “calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais”. Deste punto de vista, a neutralidade do Estado obriga-a a prohibir-se a si propia calquer concorrência, xunto dos cidadáns, en calidade de suxeito de actos ou actividades de signo relixioso. Así consta na Constitución e así o declara o Tribunal Constitucional, garante final dos dereitos e liberdades públicas; entre eles o do dereito a liberdade relixiosa e da aconfesionalidade do Estado.”

Tamén nos diriximos, en similares termos, ao Presidente da Xunta de Galiza, Sr. Pérez Touriño, para o instar a non asistir en representación do goberno galego a ese mesmo acto. Por outra parte, a partir do 27 de Maio comezamos a enviar escritos

às persoas que presiden as novas corporacións municipais para as empraizar igualmente a non participar, en tanto que representantes delas, en actos, ritos, procións ou celebracións de carácter relixioso.



ANÁLISES E RELATÓRIOS

DA CREDIBILIDADE FOTOGRÁFICA

Vítor Vaqueiro

Desexaría comezar esta exposición mostrando algunhas imaxes que permitisen establecer unhas mínimas pautas de reflexión sobre as posibilidades de interpretación dunha fotografía, sobre a noción de subxectividade e, en definitiva, sobre o carácter basilamente ficcional que acompaña toda fotografía e que, ao cabo e ao resto, é, en última instancia, a ideoloxía quen marca, en grande medida, a realización e interpretación da imaxe fotográfica. Certamente, isto xa se admite, na actualidade, para imaxes non técnicas: pintura, gravado, banda deseñada etc. Sen embargo, ao nos defrontar coas imaxes técnicas, fixas —fotografía— ou en movemento —video, cinema— semella que esa marxe de ficción que se acostuma conceder a un cadro ou a un deseño, fica abolida para pasar a considerarmos que o que a imaxe ofrece é, estritamente, a realidade ou unha fracción da mesma.


FOTOGRAFIA E SEMÁNTICA

Nos últimos días da primavera deste ano 2007, Jordi Labanda publicaba nun dominical cos que os xornais acostuman enfatiar os seus lectores para o fin de semana o deseño que se adxunta. O debuxo non ia acompañado, como se pode ver, de texto nengún e contiña, aliás, a proposta dunha pequena —ou non tan pequena— brincadeira, consistente en que os lectores haberían de encher, por-lle pé de páxina, quer dicir-se, dotaren de significado, a ilustración que se lles ofrecía. Algunhas semanas máis tarde, as —a xuízo do autor— mellores propostas textuais chegadas á redacción publicarían-se no mesmo medio impreso como, con efecto, así aconteceu.

Non preciso dicir que o abano de respostas era tan amplo que, se foren reproducidas, consumirían unha boa parte do artigo presente. Interesa-me, porén, salienta o carácter variábel, e, ás veces, antagónico, das respostas subministradas polas

leitoras que, entre outras, suxerían a comunicación, a relación familiar, a incomunicación, a (chamada) fidelidade sexual, o consumismo ou a demostración de existencia da divindade. Todas esas interpretacións, insisto, para unha única imaxe: xustamente a que figura ao carón destas liñas.

Quen olle cunha mínima atención o deseño de Labanda comprenderá que unha fotografía dunha moza que mostra o seu telefone móbil a un mozo (íá poñer ao seu acompañante: quen me dixo que se trataba del?; note-se o lapsus interpretativo— desempeñaría o mesmo papel que o da imaxe do ilustrador uruguaio-catalán e, consecuentemente, as respostas obtidas mediante o emprego desta outra técnica haberían de ser semellantes, quer dicir, plurais, mesmo contraditorias. Primeira conclusión: debe-se constatar o carácter polisémico, non unívoco, de toda fotografía e, como consecuencia, a aparición da subxectividade. Dito noutras palabras: no mellor dos casos, o pé de foto colocámo-lo nós; no peor, o responsábel de fotografía do meio de comunicación (?) que estamos a follear; no pésimo, o Pentágono.



Jordi Labanda

FOTOGRAFIA E REALIDADE

A imaxe que se pode ollar a continuación, da autoria de Pedro Meyer, titulada Cadeira monumental, Washington, D.F. (1989), trata-se dunha fotografía en preto e branco obtida por medios dixitais que, de primeiras, endereza o fruidor polo camiño do desconcerto. Apresenta-se nela, como ben pode ver-se, unha cadeira de dimensións notábeis inserida nun contexto que lle resulta alleo. Comprendo que, tratando-se da focaxe que estas liñas arboran, resultará, polo menos, imprudente —máis adiante acharemos a explicación— pedir que se acredite en quen redixe estas liñas a respecto da información que poda dar dunha fotografía. Desexaría, embora, solicitar unha marxe de credibilidade para afirmar que esta fotografía resulta da fusión de dúas ante-

riores: unha delas, unha praza dunha cidade como calquera que poidamos imaxinar; a outra, unha cadeira semellante as que usamos para xantar ou descansar. A redución do tamaño da primeira, —mediante un mecanismo de mudanza de escala— até atinxir as dimensións da segunda, xunto coa fusión, (e confusión) que Photoshop fornece, ao carón dunhas mans experientes no manuseo desta ferramenta informática completan o produto que a lectora ten perante os seus ollos. En verdade, como ninguén pode deixar de ver, achámo-nos perante unha imaxe que xamais existiu no territorio que adoitamos chamar a realidade, o mundo físico. Esta fotografía é, simplemente, un produto que só concretou a súa existencia na pantalla dunha computadora. Nela existen, é certo, vestixios da realidade —casas, viaturas, cadeira, terra, herbas— mais, considerada na súa totalidade, non deixa de ser un limpo produto de ficción. Non quixera rematar este parágrafo sen subliñar que Meyer non é un fotógrafo que proceda diso que, de maneira xeral, se nomea baixo á designación de fotografía creativa ou do grupo de artistas que din empregar, especificamente, a fotografía na súa obra, como poderían empregar escultura ou pintura, fotógrafos que, en resumo, negan ser fotógrafos. Ao contrario, o fotógrafo mexicano procede do campo ao que se lle supón máis pegada de realidade, mais encolamento directo co mundo: o fotoxornalismo.

A seguir mostra-se unha imaxe cunha temática moi semellante: tamén unha cadeira cuxas dimensións son —contra a lóxica que dita a nosa experiencia diária— moi superiores ás das persoas que se achán en volta dela. Nada, en orixe, basilaramente distinto da fotografía anterior: nas dúas ficen presentes espazos abertos, nas dúas, a cadeira ocupa un lugar sobranceiro e configura, en ambos os dous casos, polo seu tamaño, unha situación que se podería cualificar de excéntrica, de irreal. Acostumados hoxe ao feito dixital, á chamada manipulación, acautelados pola experiencia fornecida pola imaxe do fotógrafo



Pedro Meyer, Cadeira monumental

americano, ficamos empurrados a diagnosticarmos que o procedemento seguido para a obtención desta fotografía non pode ser outro que, como no caso da de Pedro Meyer, o da técnica dixital. E, non obstante —e, de novo, debo pedir que se acredite en min— a fotografía é unha auténtica xoia diso que, pretensiosamente, chamamos realismo. Trátase da fotografía (a orixinal é a cores), tirada polo fotógrafo Xavier Cervera, da obra que leva por título *O escritor*, instalación do ano 2005, de nove metros de altura, obra de Giancarlo Neri, situada no parque Hampstead, de



X. Cervera, *O escritor*

Londres. Segunda conclusión: semella escura, ou polo menos, non evidente a relación entre realidade e fotografía.

FOTOGRAFIA E REPRESENTACIÓN

Nesta situación, a incertidume e a inseguranza, mesmo o desasosiego —a nosa é unha época de desasosiego, de fractura textual (discursiva) e icónica— apodéran-se da fruidora de imaxes que se pregunta como pode chegar a establecer-se o criterio que lle permita xulgar a diferenza, na superficie dun papel, entre a fotografía real e a fotografía (que foi) manipulada. En verdade, non existe unha resposta clara, simplemente porque a pregunta carece de sentido. Toda fotografía, polo feito de se-lo, é imaxinaria (pertencente ao conxunto de imaxes) e formular a pregunta nos termos sinalados equivale a identificar a realidade (o referente) coa súa representación (a imaxe). A fotografía, se seguirmos a Gombrich, non é máis que un conxunto de cores dispostos en certa orde, de nódoas depositadas mediante métodos fotoquímicos ou dixitais sobre un papel e a nosa mente é a responsábel do mecanismo, ideolóxico, de tradución, porque o punto de partida dunha anotación visual non é o coñecemento, mais a conxectura condicionada polo costume e a tradición¹. Con esta clarezza apavorante foi como puido perceber-lo o antropólogo Melville Herkövits, ao mostrar a unha muller bosquimana unha fotografía do fillo desta e presenciar, arrepiado, que ela non o recoñecía, que era precisa, entón, unha explicación; que o antropólogo, en resumo, a encadrase lingüísticamente, que explicitase o paso dunha realidade tridimensional —o referente— a unha bidimensional —a imaxe²—. Dito noutras palabras, o artefacto fotográfico, lonxe de ser obxectivo fica culturalmente codificado³. Dito aínda de forma diferente: non existe imaxe sen linguaxe, porque non existe iconicidade en estado puro⁴. Acontece, porén, que o mecanismo de reproducibilidade fotográfica —ao tomar como referencia o criterio de perspectiva central renacentista— é de tal natureza, confunde-nos de tal modo que nos leva á identificación entre o que é a realidade e o que constitúe a representación da mesma, facendo-nos igualar unha imaxe co obxecto real do que provén, quer dicirse, co seu referente. Acreditamos no que ditan as imaxes non pola súa natureza realista (ao cabo o realismo, non é máis que unha convención dun tempo e unha sociedade determinadas) senón polo seu carácter de verosimillanza. A imaxe non é real, mais verosímil e a fotografía non se move no ámbito da realidade, mais no das aparicións. Aínda que se deba relativizar o seu punto de vista, Roland Barthes salientara, ao seu xeito, coa coñecida frase “o referente adire”, o acoplamento existente entre referente e imaxe, o seu carácter de “emanación” dun cara á outra⁵.

Dicimos que convén relativizar o punto de vista de Barthes para non cairmos de cheo na armadilla dese pretendo aco-

1 Gombrich, E.H. *Arte e ilusión*, Madrid, Debate, 1997, p. 77 e 236

2 Sekula, A. “Sobre a invención do significado na fotografía”, en *Territorios da Fotografía*; Vigo, Grial, 139, ano 1998, p. 454

3 Dubois, Ph. *El acto fotográfico*, Barcelona, Paidós, 1986, p. 39

4 Aumont, J. *La imagen*, Barcelona, Paidós, 1992, p. 263

5 Barthes, Roland, *A cámara clara*, Santiago de Compostela, Lairovento, 2003, p. 20 e 71

plamento realidade-imaxe e do seu correlato referencialista. A fotografía é sempre un dispositivo que se caracteriza pola fenda, polo corte, pola escisión e a ausencia. Xustamente, a presenza dunha imaxe fotográfica revela —en moitas ocasións, dramaticamente— a ausencia daquilo que estamos a ollar. Como nos mitos galegos que definen a Santa Compañía como un conxunto de seres que se moven nun mundo coplanario ao real, mais existente noutra dimensión, os mundos de imaxe e referente movense en planos desemeillantes, en dimensións distintas, embora conectadas, como sinala Dubois, por unha relación indicial, de pegada, como a existente entre o fume e o lume, entre a sombra e o ser, entre o síntoma e a doenza⁶.

E, polo mesmo motivo, como dicíamos, falarmos de fotografía manipulada é equivalente a formularmos unha tautoxia. Toda fotografía é a consecuencia dunha manipulación sub-



Fotograma de Citizen Kane

activa: 1) previa ao disparo: escolla de tipo de filme, do tema, de óptica, do encadramento, da elección dupla de cor ou preto e branco; 2) coincidente co disparo: a selección dunha velocidade de obturación baixa deitará o resultado dunha fotografía movida; un diafragma fechado xerará suxeitos máis escuros e —como técnica costumeira no cinema— a noite americana; o mesmo diafragma moi aberto suxeitos desenfocados, moi fechado inmensa profundidade de campo; 3) despois do disparo: diferentes opcións de impresión, diferente soporte: libro, proxección, xornal, circuíto museístico, suportes, todos eles, codificados de maneira cultural. E, voltando cara atrás, no instante do disparo: o que se decide incluír no interior do visor e, nomeadamente, o que decidimos que debe ficar fóra, censurar, non mostrar porque, probabelmente, é innomeábel, indicíbel ou indicíbel. No fotograma que figura ao carón destas liñas pertencente á fita Citizen Kane, que, en 1941, Orson Welles dirixiu

e Gregg Tolland fotografou resulta unha obviedade evidenciar a manipulación ideolóxica que contén. Lembremos: é o momento no que Charles Foster Kane está a redixir unha certa “declaración de principios” na que, asegura, “fornecerá aos moradores da cidade un xornal honrado que dea con fidelidade e exactitude as noticias” non permitindo que se pexe “a verdade dos feitos” e convertendo-se nun “defensor infatigábel” dos “dereitos de cidadáns”. Mentres pronuncia esta alocución Kane, o director do Inquirer fica embrullado na escuridade porque, habemos de recoñecer, se lermos a imaxe segundo se manifesta, Kane (ou sexa, o que está a dicir), non fica nada claro, como o subliñan as apostilas de Bernstein —“non prometa algo que non poida cumprir”— e de Leland —“teño a sensación que vai chegar a ser (...) un documento”—. O intento de dirixir a espectadora e prognosticar a futura evolución de Kane fai-se presente na iluminación utilizada e no seu carácter manipulativo.

Non deixa de resultar, por outra parte, sintomático que coexistan, no territorio da fotografía dous discursos que se escoitan por toda a parte e que, porén, son contraditórios. O primeiro é o que afirma a natureza verídica da fotografía; o segundo, o que postula o seu carácter artístico —esquecendo, ademais, que o período chamado da fotografía artística ou pictorialismo foi unha época histórica que rematou pouco antes da I Guerra Mundial—. En realidade, se defendermos a condición artística do medio fotográfico, non se debe negar o seu carácter ficcional, xustamente unha das características adxacentes á arte. Ninguén defenderá que o bombardeamento da vila vasca de Gernika aconteceu segundo o deseñou Picasso, mais —eis un dado fulcral— é incontestábel o carácter de símbolo que o cadro homónimo desempeña na loita pola liberdade e a xustiza. Nesa mesma dialéctica ten razón Žižek cando refire, arrepiando-nos, que a primeira vez que veu a imaxe do torturado iraquiano subido nun tallo, cunha carapucha posta e uns cabos que saen do seu corpo, foi na páxina dun xornal exhibido nun quiosque e pensou que se trataba dun artista performer dos que adoitan traballar en Manhattan. Paga a pena consultar na Rede esta fotografía⁷ e comparala cunha performance real levada a cabo por Marina Abramović⁸, e decidirmos, se puidermos, onde fica a tortura representada e onde comeza a representación artística.

CUI PRODEST?

E, xa debendo finalizar, se este é o estado da cuestión —que sempre é, ao cabo e ao resto, a cuestión do Estado— cómpre preguntarmo-nos porque as cousas cursan deste xeito, porque esa lealdade fotográfica nun contexto fundamente desleal, pesquisarmos a quen favorece a defensa do estatuto de verdade da fotografía. Penso que non resulta descabelado afirmarmos que o grande beneficiario é quen posúe os meios

⁶ Dubois, P. *El acto ...* p. 48

⁷ http://news.bbc.co.uk/1/hi/spanish/international/newsid_4206000/4206597.stm

⁸ [web: www.fundacion.telefonica.com/artefotografia/arte_tecno/coleccion/fotografia.html](http://www.fundacion.telefonica.com/artefotografia/arte_tecno/coleccion/fotografia.html)

para espallar e facer pasar por verdadeira a máis radical das falsidades, aquel que, diaria, semanal ou mensualmente pode pór na rua un millón de exemplares e facer que acreditemos que o corvo mariño de Alaska é vítima do ditador iraquiano, ou que a familia real se acha unida porque así se decidiu —politicamente— e se resolveu —tecnicamente— coa axuda de Photoshop. E, polo mesmo, acho que unha práctica consciente, dedicada a interpelar sen cesar a sociedade, a sementar a dúbida, a esvair as certezas, debería levar aparellada unha actividade falsificadora por medios fotográficos, axir no mesmo camiño que a pintura, a literatura ou o cinema. Quen temos anos abondos, lembramos que, hai meio século, a frase “dixo-o a televisión” resultaba equivalente á constatación precisa da verdade, á enunciación de acta notarial. Hoxe podemos ver en que deu a pretensa verdade.

Rematarei estas breves notas, condicionadas, infelizmente, pola falta de espazo, cunha frase tomada de Joan Fontcubert-

⁹ Fontcuberta, J. *El beso de Judas*, Barcelona, Gustavo Gili, 1997, p. 15

ta que resume, do meu punto de vista, o que até o de agora se sinalou: “Toda fotografía é unha ficción que se presenta como verdadeira. Contra o que se nos ten dito, contra o que adoitamos pensar, a fotografía mente sempre, mente por instinto, mente porque a súa natureza non lle permite facer outra cousa. Mais o importante non é esa mentira inevitábel. O importante é como a emprega o fotógrafo, as intencións ás que serve”⁹. Con efecto: a fotografía mente porque non pode axir doutra maneira e nisto —é importante— asemella-se ao Estado que, como a fotografía, mente sempre, por instinto, porque naceu de quen naceu e non lle é permitido outro tipo de comportamento. Se conectarmos esa ficción (imaxinaria) coa ficción democrática — que se presenta tamén como verdadeira— do parlamentarismo, se nos preguntamos “as intencións ás que serve” a fotografía na sociedade mediática, comezaremos a enxergar algunhas cousas. E sempre, como Descartes, providos coa dúbida e a desconfianza como pano de fondo no que atinxe á análise e credibilidade dunha fotografía. E do Estado.

O CASAMENTO POLO RITO XITANO

Elvira Landín

A propósito da publicación da Sentenza 69/2007, ditada en 16 de Abril polo Tribunal Constitucional (TC), denegando o amparo a unha cigana que pretendía a pensión de viuvez da Seguranza Social (SS), con o pretexto de o seu casamento polo rito cigano non ter efectos civís na nosa lexislación, imos facer un repaso do que, ao noso xuízo, representa esa atitude tan regresiva no comportamento do TC ao non ter aprezado que existía unha discriminación indirecta por razón de etnia ou de pertenza cultural e social.

A VIUVEZ NA NOSA LEXISLACIÓN

A pensión de viuvez sufriu múltiples variacións que afectan o fondo mesmo da idea da familia e do matrimonio e a forma esixida para a celebración do casamento.

Inicialmente, e até 1972, a pensión de viuvez estaba reservada exclusivamente en favor das mulleres. A viúva podía cobrar a pensión con tal de estar casada e, ademais, ter mantido a convivencia.

Desde a entrada en vigor da Constitución Española de 1978, e en concreto do seu Art. 14 que proíbe a discriminación por razón de sexo, entre outras, houvo moitas normas que non foron explicitamente derogadas e no entanto deixaron de resultar aplicábeis por teren debido inconstitucionais, como a reserva

da pensión a favor das viúvas exclusivamente, e dos viúvos só no caso de estaren declarados inválidos absolutos e careceren de ingresos propios, dependendo economicamente das súas mulleres traballadoras.

A fisura en tal normativa, e a favor de recoñecer a pensión aos viúvos “sáns”, foi unha creación xurisprudencial contra o texto literal expreso da normativa vixente en SS tomando o seu fundamento na interpretación do Art. 14 CE e avondando en razoamento sobre a variación do papel da muller na vida social e laboral.

Unha vez recoñecido o dereito ao divorcio -1981- esixíase para ser beneficiário da pensión de viuvez ter tido un vínculo matrimonial, mesmo que este se tivese disolvido e non houvese portanto convivencia.

O matrimonio pode ser contraído de forma meramente civil ou tamén relixiosa –polos ritos canónico das igrexas evanxélicas, xudías ou islámica, na medida en que existen acordos expresos de cooperación do Estado Español con estas confesións- e ten efectos civís cando, con as certificacións expedidas polas respectivas autoridades relixiosas, se inscribe no Rexistro Civil. Cando o matrimonio é contraído en conformidade ao Dereito estranxeiro persoal dos propios contraintes tamén é eficaz, en tanto que está prevista unha recepción e aceptación desta normativa.

Non avonda porén a mera convivencia de feito, mesmo que fose pública, prolongada e con fillos comúns, a non ser no caso da persoa que non pudo casar en segundas nupcias por non

existir a posibilidade legal de divorciar-se do primeiro cónxuxe –existe unha casuística importante referente ao período 1981/1985 aproximadamente, distinguindo entre quen non tivo tempo de se adaptar à nova posibilidade legal (tramitar o divorcio e despois o expediente do 2º matrimonio) e quen non quixo divorciar-se para casar outra vez.

Por outra parte, a existencia de cónxuxes sucesivos, por matrimonios previamente disolvidos mediante divorcio con celebración de novas nupcias, ten importancia sobre a cuantía da pensión en tanto que esta é única como patrimonio do causante,

CONTRAINTE POLO RITO CIGANO

Os contraentes de que falamos aquí, españois de raza cigana, casan polo rito cigano en 1971, teñen 6 fillos, título de familia numerosa e cartilla da SS. Ao falecer o marido en 1994, que era un traballador asegurado, a muller solicita a pensión de viuvez que lle é denegada polo INSS en base a non ser cónxuxe lexítima do causante por non teren contraído matrimonio.

O Xulgado Social estima a demanda da viúva por entender que casaran pola súa lei persoal, como xitanos, nun acto formal e público con adquisición de dereitos e deberes recíprocos, segundo os usos e costumes do seu povo.

O Tribunal Superior de Xustiza de Madrid estima o recurso do INSS e revoca a sentenza ao considerar que ese rito non aparece recollido no Código Civil (CC) que é a normativa aplicábel a eles como españois.

A viúva recorre en amparo perante o TC:

- Insiste en que non pode ser tratada como “parella de feito” xa que casou de acordo con o rito cigano nunha cerimonia pública en que se adquire a cualidade de marido e muller, e, aliás, cando o fixo, en 1971, nen sequer existían outras formas de celebración diferentes ao matrimonio canónico no CC.

- O TC reitera a súa posición, xa moi consolidada, de que o lexislador pode reservar a pensión de viuvez às persoas “institucionalmente casadas” na forma civil ou relixiosa expresamente admitidas legalmente e recollidas no CC que son as que poden inscrever-se no Rexisto Civil.

- Acrescenta que se poderían alargar os supostos de formas de contrair matrimonio e recoller o rito cigano, mais non o fixo o lexislador, e iso non supón nengunha discriminación por razón de etnia pois os ciganos non están privados de accederen ao matrimonio civil nen a calquer un dos relixiosos, e non supón discriminación a “indiferenciación”, quer dizer o tratamento igual dos desiguais, polo que nega o amparo e conseguintemente o acceso à pensión de viuvez

CONSIDERACIÓNS

Creo que o razoamento respeta unha lóxica formal, mais nada. Fica curto e pobre, prisioneiro dun esquema ríxido que non supón avance nengun nunha interpretación aberta e xenerosa da norma da perspectiva dos Dereitos Fundamentais interpretados conforme à Declaración Universal dos Dereitos Humanos –Art. 10, 2 CE–, e da remoción dos obstáculos que dificultan a plenitude da participación do povo cigano na vida económica e social –Art. 9,2 CE–.

É verdade que non é a primeira vez que se denega a pensión de viuvez por non se considerar válido e eficaz o rito cigano.

Invocamos xa os precedentes xurisprudenciais para estender a viuvez a favor dos homes viúvos, contra o texto explícito dunha lei que continuava relegando-os, afora os casos de invalidez. Cando chegou a revisión legal, varios anos mais tarde, xa existía o costume de recoñecer a pensión por acordo interpretativo mantido polos tribunais.

Tamén se recoñeceu a pensión ao cónxuxe supervivente dun matrimonio declarado xudicialmente nulo (TSJ País Vasco 27.01.95) e à muller dun bigamo, por se lle recoñecer a boa fé da súa situación aparentemente matrimonial embora viciada de nulidade (TSJ Madrid 31.05.05).

Outro caso curioso é o de un home e unha muller que din ter casado en 1937, conviveron desde aquela e tiveron 8 fillos, outorgaron diversas escrituras públicas e mesmo un testamento instituindo-se herdeiros recíprocos como marido e muller, e ao falecer o marido e non aparecer a inscrición, o Rexisto Civil dá-lle unha resolución à suposta viúva establecendo a “presunción do matrimonio” e, o Tribunal, ao recoñecer o dereito à pensión, acrescenta: “A boa fé foi o dominante na súa idea da existencia do matrimonio.” (TSJ Navarra 22.05.97).

Un maxistrado, discrepante da sentenza que comentamos, fundamenta un voto particular citando un precedente que, ao seu xuízo, debería ter servido para outorgar o amparo à viúva cigana. Trata-se dunha parella que contrai matrimonio canónico e expresamente pede ao sacerdote que non envíe a inscrición ao Rexisto Civil por casaren “na fé” e iso ser suficiente para eles a todos os efectos. Cando negan ao viúvo a pensión por non ter inscrito o matrimonio, o TC sai no seu amparo por entender que non hai dúbida que era cónxuxe lexítimo, considerando que existir o requisito da inscrición para acceder à pensión resulta desproporcionado.

E, con base neste precedente, no voto particular da sentenza que agora criticamos, razoa-se así: os que casaron na fé e non quixeron inscrever o seu matrimonio receberam o amparo do TC e aos que casan polo rito da súa etnia e non poden ins-

crever o seu matrimónio nega-se o amparo, cando o que “merecian era unha medida de discriminación positiva a favor dunha minoría desfavorecida e que se respeite, con unha sensibilidade adecuada, o valor subxectivo que unha persoa que integra esa minoría mostra, e esixe, polo respecto às suas tradicións e à sua herdanza e identidade cultural.”

UNHA FERRAMENTA AMBÍGUA

Realmente, noutras épocas, o TC era muito mais flexível para ir alargando o leque dos direitos a reconhecer, con unha atitude aberta e construtiva, asinalando, en ocasións, o camiño ao lexislador da perspectiva da interpretación mais acorde a favor dos direitos humanos. Agora parece temeroso de se proparar: "A culpa é da norma -pretextada-, do lexislador...". Mais negando a

validade do rito cigano está desnaturalizando un uso cultural ancestral, forzando a unha integración por asimilación, esixindo na práctica a estas persoas acomodaren-se a un dobre ritual, ao próprio e a outro dos legalmente recoñecidos –os outros matrimónios relixiosos poden inscrever-se directamente-, pretendendo ignorar que ao ser un povo de tradición oral teñen unha dificultade muito maior en reclamar un recoñecimento oficial de carácter “burocrático” das suas tradicións. A viúva merecia o amparo e tras el unha indicación ao lexislador para que inclua a forma do rito cigano entre as admitidas a efectos rexistais. Ao fin e ao cabo o Direito é unha ferramenta ambígua, que admite interpretacións diferentes e un uso alternativo ao servizo da finalidade que o xulgador elixa. Por iso, con unha mesma normativa, cabían solucións contrárias, perfectamente argumentadas en ambos os casos para permanecer nunha rixidez fechada ou fomentar unha flexibilidade aberta.

BREVES

A REPÚBLICA PORTUGUESA E A LAICIDADE

República e Laicidade

A Constituição da República Portuguesa estabelece claramente um regime de separação entre o Estado e as igrejas ou outras comunidades religiosas ; porém, subsistem em Portugal práticas e normas legislativas que subvertem decisivamente o princípio republicano da Laicidade do Estado. Concretamente:

- A manutenção, sob muitos aspectos inconstitucional, da vigência da Concordata estabelecida em 1940 entre o Estado Português e a Santa Sé, e o processo de negociação recentemente promovido tendo em vista perpetuar, através de novo acordo, idêntico regime concordatário;

- A existência de uma Lei da Liberdade Religiosa que, pelo conjunto de privilégios que reconhece à Igreja Católica e que se propõe estender, de forma desigual, a algumas das demais comunidades confessionais presentes no país, cria inevitavelmente situações de discriminação entre os cidadãos. Na Associação Cívica República e Laicidade (R&L), assumimos e mantivemos, desde sempre, fundadas reservas quanto à existência, no quadro jurídico português, de uma Lei da Liberdade Religiosa (a Lei nº16/2001), assim como, a outro nível, sempre discordámos da existência de uma Comissão da Liberdade Religiosa, tal como aquela que essa lei veio institucionalizar no espaço político nacional

- A perpetuação de inúmeras práticas decorrentes de uma tradição clericalista que, estabelecida ao longo de séculos de sujeição confessional do Estado Português à Igreja Católica, têm

fortíssima expressão aos mais diversos níveis da vivência social colectiva. Ao longo dos últimos três anos, a par da discussão – de expressão planetária – da questão das relações entre religião e violência, em Portugal, teve lugar um acalorado e expressivo debate público sobre as relações entre o Estado e a Igreja Católica Romana em torno da questão da persistência de símbolos religiosos e da realização de cerimónias religiosas católicas nas escolas públicas, bem como da presença, sistemática e proeminente, de dignitários católicos nas cerimónias oficiais do Estado (questão do Protocolo do Estado).

O FACTO RELIGIOSO NO PORTUGAL CONTEMPORÂNEO

Contrariamente a uma ideia que prevalece, a vivência quotidiana do facto religioso na sociedade portuguesa contemporânea é muito diferente daquela que marcou o país fechado anterior ao 25 de Abril de 1974. Verificam-se três grandes tendências:

- Uma expressiva secularização de usos e costumes, com clara tradução em múltiplos aspectos da vida social – por exemplo, no acréscimo expressivo dos casamentos celebrados fora do ritual católico (actualmente dois em cada cinco dos casamentos celebrados anualmente), e na adopção, também crescente, de regimes de união de facto;

- Uma clara regressão do número de católicos praticantes reclamados pela própria Igreja Católica – apenas um milhão e novecentos mil, ou seja, no máximo, 18% da população total em 2001, segundo a contagem promovida pela Conferência Episcopal Portuguesa em Março de 2001;

- Uma crescente diversificación das opcións religiosas e non religiosas dispoñibles que se verifica, quer no incremento da mobilidade confesional ou no puro abandono de prácticas religiosas, quer em resultado da presenza de comunidades inmigrantes con prácticas religiosas anteriormente inexpressivas ou mesmo inexistentes no país.

A Lei da Liberdade Religiosa debería ser revogada, pois reconece ao Estado competencia em materia que debería relexar unicamente da consciencia de cada cidadá, introduz uma auténtica hierarquización cualitativa das confesións religiosas e confunde deliberadamente a relación entre o cidadá e o Estado con a relación entre o crente e a súa comunidade religiosa, nomeadamente ao posibilitar a existencia de um «imposto de igreja» a colectar polo Estado.

LEXITIMIDADE DAS VÍTIMAS

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza estimou o recurso interposto por Mamadou Kane contra a decisión do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo de inadmitir, por suposta falta de lexitimación, a súa impugnación da readmisión ao servizo activo dos catro axentes da Policía Local de Vigo que no seu día o secuestraran e maltrataran.

A sentenza, importante en si mesma por abrir a posibilidade de revisar a fondo a readmisión dos catro axentes condenados por maus tratos, interesa tamén por nela se recoñecer, embora laconicamente, a lexitimidade das vítimas de delitos cometidos por funcionarios públicos para discutiren cuestións administrativas relacionadas con o caso.

VIH E DIREITO À INTIMIDADE

A Sección 4ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo estimou, na sentenza ditada o 29 de Xullo de 2007, o recurso interposto polo Advogado do Estado contra a sentenza da Audiencia Nacional que declarara nula a Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo de Decembro de 2000. A Orde criava un ficheiro de portadores do VIH e a Audiencia Nacional apreciou que o método de tratamento dos datos persoais non cumpre con as garantías de seguranza axeitadas para preservar o dereito fundamental à intimidade dos afectados.

Agora a sentenza do Supremo estima que o Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións designado como perito polo Tribunal extalimitouse no seu cometido cando descubriu que o método de disociación de datos utilizado polo Ministerio de Sanidade permitia a identificación doada dos integrantes do ficheiro e, ao mesmo tempo, impedía a estes o acceso para rectifi-

ficación, e anula a da Audiencia Nacional por defeito formal, sen dar trascendencia à afectación ao dereito fundamental à intimidade que tal feito, obxectivo, supón.

Algun dos colectivos que no seu día impugnaran (Fundación do Movemento Cidadán AntiSIDA, Xustiza e Sociedade, PreS.O.S. Galiza e Colectivo Moucho) xa manifestaron a súa intención de presentar recurso de amparo perante o Tribunal Constitucional.

RUA REAL DA CORUÑA (II)

Como o ano pasado nestas mesmas datas, o pasado 29 de Agosto un dispositivo policial de 30 axentes levou a cabo unha redada contra os vendedores inmigrantes que traballan na Rua Real da Coruña. Tamén ao igual que acontecera en 2006, a acción policial, tan espectacular como desproporcionada, provocou o protesto de moitas persoas que se encontraban presentes, indignadas pola atitude violenta dos axentes que alxemaron os traballadores detidos e tentaron impedir que os xornalistas cobrisen a información. O sábado día 1º de Setembro, un grupo de persoas convocadas polo CS A Treu pendurou unha faixa na propia Rua Real en que se li: "Nengunha persoa é ilegal. Esta guerra imo-la parar".

GRAVACIÓNS IRREGULARES

O Movemento polos Dereitos Cívicos (MpDC) informa que a Delegación do Goberno en Galiza non nega a veracidade das afirmacións do portavoz do sindicato policial que no seu día manifestou que os Corpos e Forzas de Seguranza do Estado gravan de forma irregular, con aparatos de telefonía celular e cámaras dixitais, actuacións policiais en que están involucradas persoas privadas.

O MpDC formulara unha pregunta escrita à Delegación do Goberno con o obxectivo de esclarecer esta cuestión mais a resposta que recibiu deixa as cousas tan obscuras como estaban pois, amparando-se nun argumento que neste caso resulta por completo desatinado (a defensa da intimidade das persoas detidas e, eventualmente, gravadas), os representantes do organismo oficial negan-se a confirmar ou desmentir as declaracións do portavoz sindical.

Paradoxalmente, os constantes requerimentos das numerosas asociacións nacionais, estatais e internacionais que reclaman desde hai tempo que se regule a gravación sistemática dos interrogatorios realizados polos Corpos e Forzas de Seguranza do Estado, con o obxectivo de evitar que as persoas detidas podan ser submetidas a tortura e/ou maus tratos, continúan sendo recibidas con a maior indiferenza polos responsábeis destes mesmos organismos estatais.

VÍDEO-VIXILÁNCA PRIVADA

O Movemento polos Dereitos Civís (MpDC) apresentou queixa formal perante a Axencia Española de Protección de Datos pola instalación ilegal de vídeo-cámaras na fachada exterior da casa do ex-alcalde da Coruña, D. Francisco Vázquez.

“Para que as cámaras fosen legais, terían que cumprir unha serie de garantías exixidas por lei, que teñen como función velar polos datos personais –entre os que se inclúen, como é obvio, as imaxes gravadas- e aminorar as posibles consecuencias destes dispositivos. Entre outras, os afectados teñen que coñecer con claridade que están a ser gravados –por iso se sinalan os lugares gravados polas institucións por medio duns carteis informativos, de cor azul- e debe existir un ficheiro de recollida de datos, onde se aclare ademais cal é a función exacta para a que se recollen”, requisitos que neste caso manifestamente non se cumpren, subliñan os responsábeis do MpDC.

FÉ, ENSINO E DINAMIZACIÓN

Na Orde de 17 de Xullo de 2007, que regula a relación laboral do profesorado de relixión, a Consellería de Educación da Xunta de Galiza establece diversas funcións que este tipo de docentes poderá realizar nos centros de ensino público: dinamización das novas tecnoloxías da información e comunicación, dinamización da biblioteca, dinamización da convivencia escolar, dinamización da mellora da calidade educativa e dinamización de programas internacionais.

A disposición foi xa denunciada por varios colectivos que entenden que atribuír a estes docentes funcións do profesorado regular afonda no despropósito que significa o feito de se retribuíren con fondos públicos persoas contratadas por un procedemento especial -en que ten un papel decisivo a hierarquía eclesiástica- para transmitir unha fé relixiosa.

CRENZAS VS. CRENTES

“Aconteceu sen ruído. Sen revolta. Sen discursos emotivos. Sen debates acedos. O 30 de Marzo de 2007 o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou unha Resolución que vulnera o dereito internacional ao establecer que se há de limitar a liberdade de expresión “para garantir o respecto ás relixións e conviccións”. A resolución –aprovada por 24 votos a favor, 14 en contra e 9 abstencións- foi patrocinada por Paquistán en representación da Organización da Conferencia Islámica (OCI), representación ben desafortunada pois nese país a blasfemia castíga-se con a pena de morte. E o mesmo acontece con algúns dos estados que apoiaron a resolución, como o chinés ou o ruso que son pésimos exemplos no que toca à liberdade relixiosa.”, así

comeza o duro editorial do último boletín de Article 19 (“Protecting the belief at the expense of the Believers: Another post 9/11 legacy?”) en que a súa Directora Executiva, Agnès Callamard, se pregunta se a protección da crenza non se fará a expensas dos crentes, robustecendo así a tendencia que agromou con forza a seguir os atentados do 11/S.

“Non hai dúbida que despois do 11/S moitos gobernos alimentaron a intolerancia contra as minorías relixiosas, nomeadamente a musulmana, promulgando leis que explícita ou implícitamente recortan os seus dereitos. Neste contexto, unha resolución que lembre à comunidade internacional as súas obrigacións en relación con o Art. 20 da Declaración Universal de Dereitos Humanos podería ter sido ben oportuna. Os promotores da resolución poderían ter lembrado a necesidade de garantir o respecto do dereito de todas as persoas à vida, à igualdade e à xustiza, e a obrigación dos estados de protexer as minorías, inclusive as relixiosas, contra actos de ódio, opresión e violencia. No entanto, os estados decidiron centrar os seus esforzos en protexer a propia relixión: NON as persoas crentes e NON a liberdade de relixión.

Así, por exemplo, no parágrafo 10 da Resolución distorsiona-se seriamente o sentido do Art. 19(3) do amplamente citado Pacto Internacional sobre os Dereitos Civís e Políticos ao acrescentar unha cláusula (“o respecto das relixións e das conviccións”) con que parece querer suxeriren-se restricións à liberdade de expresión que o texto orixinal cuidadosamente evita.

Por outra parte, o frecuente uso do termo “difamación” ven avondar na mesma idea pois se ben na lexislación internacional se aceptan algunhas restricións que visan protexer a reputación de persoas individuais o mesmo non acontece con as relixións, das que non se pode dicir que teñan unha “reputación” que poda ser “difamada”.

As persoas teñen dereito a non ser discriminadas polas súas crenzas, mais ninguén ha de impedir que a súa relixión sexa obxecto de crítica, mesmo cando a crítica for sarcástica ou cruel.

A igualdade de todas as ideas e conviccións perante a lei e o dereito ao debate libre son a pedra angular da democracia. E, tal como establecen os tribunais internacionais de dereitos humanos, a liberdade de expresión há de aplicar-se non apenas à información ou às ideas que son ben recibidas mais tamén a aquelas que chocan, ofenden ou perturban.”

“En moitos sentidos –concluí Agnès Callamard- a Resolución do Consello de Dereitos Humanos ven consolidar a tendencia que gaña forza neste noso mundo pós 11/S: protexer a crenza à expensas dos crentes.”

RETENCIÓNS ILEGAIS

O Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía declarou ilegal, o pasado mes de Agosto, a práctica de cobrar às persoas

presas con minusvalía superior ao 65% os gastos de manutención en prisión. Esta resolución ven confirmar a sentenza dun xulgado do social de Córdoba que xa se pronunciara en contra do desconto de mais de 3 euros diarios que viña realizando a Junta de Andalucía nas prestacións non contributivas que perciben estas persoas.

Lembremos que en Galiza estes descontos non se aplican desde o 1º de Abril de 2007.

TIRAR A DAR

«Se de el dependese, Alemaña converteríase nun estado do tipo Grande Irmao que eclipsaría mesmo a visión do mundo descrita por George Orwell», afirma Peter Scharz nun acedo comentario ás medidas que para combater o risco de atentados terroristas propón o Ministro de Interior alemán, Wolfgang Schäuble, na entrevista publicada por Der Spiegel o pasado 9 de Xullo.

Estas propostas, xa parcialmente postas en práctica en Alemaña, inclúen un sistema de vídeo-vixilancia a grande escala, a identificación biométrica de persoas, o control masivo por computador através do cal a policía, os servizos de intelixencia e outras autoridades poden consultar e cruzar enormes bancos de datos, a vixilancia e control das persoas mediante escúitas nos tele-móveis así como a lectura automática das placas dos vehículos captadas por cámaras instaladas na rede de estradas, os rexistros dos discos ríxidos dos computadores conectados à web, o despregamento do exército para misións de política interior e, finalmente, a potestade para abater avións civís en caso de ameaza terrorista.

E isto non é todo. Schäuble vai máis lonxe e apunta à necesidade de dispor de medios legais que permitan ao Estado disparar contra aquelas “persoas que representan unha ameaza para a sociedade”. Fórmula en absoluto improvisada porque esa é precisamente a expresión que emprega a Oficina Federal da Policía Criminal alemá (BKA) para designar as persoas que os servizos da Policía Xudiciaria dos Länder identifican como aquelas “que representan unha ameaza potencial de terrorismo”.

Ora, saber que criterios emprega o BKA para decidir-se a investigar unha persoa ou que probas valora para a calificar como “ameaza para a sociedade” é tarefa en extremo complicada. A asistencia frecuente a unha mesquita, un encontro casual con determinada persoa ou simplemente a delación ou a expresión dunha opinión politicamente incorrecta, poden ser razóns suficientes para que o BKA abra unha investigación.

«Cando se pregunta cais son os requisitos que debe cumprir unha persoa para que o estado a considere « unha ameaza para a sociedade », a resposta é sempre incerta », informa Der Spiegel . « O BKA afirma que a definición ven dada pola « prá-

tica profesional da policía » e non ten pertinencia no debate xurídico ». No entanto, esta incerteza non impede o BKA de as identificar con precisión. No pasado mes de Marzo había xa mais de duasetas persoas clasificadas como perigosas : 65 de nivel vermello e 177 de nivel amarelo.

INSULTOS, INXURIAS, DESACATO, DIFAMACIÓN

A decisión do xuíz Jesús del Olmo de ordenar às Forzas e Corpos de Seguranza do Estado a confiscación dos exemplares da revista El Jueves non só provocou a coñecida reacción mediática e a difusión mundial da caricatura considerada « inxuriosa », tamén deu pé à publicación de algúns datos interesantes sobre as prácticas da monarquía española nesta materia: publicación de listaxes de secuestros de medios levados a cabo no Reino de España, revelación da suposta práctica da casa real española de dar de tanto en tanto « algun toque » a revistas como o semanario humorístico para que fagan « unha reflexión » sobre a maneira en que tratan os asuntos relacionados con a coroa, etc. E permitiu-nos tamén coñecer a opinión favorável que estas limitacións da liberdade de expresión merecen a algunhas asociacións de xuíces (Xuíces para a democracia) que entenden entraren esas restricións « nos parámetros de razoabilidade ».

Mais o certo é que tanto as asociacións de defensa dos dereitos e liberdades públicas como os organismos e tribunais internacionais teñen unha opinión ben diferente (vide EsCULCA nº 17, pp. 8-11) e recomendan aos estados en que aínda vigan este tipo de leis a súa revogación a favor de normas de dereito civil.

GALIZA: "O CUSTO DE INXURIAR UN XUIZ

O pasado 13 de Agosto, Eduardo Álvarez, Secretario Comarcal da CIG-Ensino, foi condenado polo Xulgado de Instrucción nº4 da Coruña a pagar 200 euros de multa e 5.000 de indenización ao xuíz-decano desta cidade, Antonio Fraga Mandián, que o denunciara por inxurias.

O sindicalista declarara publicamente que o xuíz se negava a lle enviar as notificacións en galego apesar deste dereito estar recollido expresamente no Artigo 7.2 da Lei de Normalización Lingüística.

Unha vez coñecida a decisión da xuíza que instruíu o caso, Eduardo Álvarez apresentou recurso de apelación perante a Audiencia Provincial alegando “teren sido conculcados gravemente dereitos fundamentais” (inadmisión de probas pertinentes para a súa defensa, negación do dereito à última palabra, negativa a poder interrogar testemuñas da acusación, etc.). “A sentenza foi ditada à medida do denunciante. Eu xa estaba condenado

de antemán”, afirma, en clara referencia ás declaracións de Fraga Mandián a La Voz de Galicia (29.07.07), onde este anunciara que se ía comprobar “cal é o custo de inxuriar un xuíz”.

PORTUGAL: BOCA CALADA

Fernando Charrua; profesor de Inglés, que traballa hai case 20 anos na Dirección Regional de Educación do Norte (Portugal), foi suspenso de funcións por ter feito un comentario – que a directora rexional, Margarida Moreira, califica de insulto – sobre a licenciatura do primeiro-ministro, José Sócrates. O comentario foi feito en privado a un colega.

“Se a moda pega, instigada que está a delación, poderemos ter, a breve trecho, uns milhares de docentes presos políticos e outros tantos de boca calada e de conciencia aprisionada, a tentar ensinar aos nossos alumnos os valores da democracia, da tolerancia, do pluralismo, dos dereitos, liberdade e garantías e de outras cousas que, de tão remotas, já nem sabemos”, ironiza o profesor represaliado

Caso sorprendente mais non único pois Salgado Almeida, médico do Centro de Saúde de Vieira do Minho, provocou sen querer o cesamento da directora do establecemento por unha brincadeira similar.

Estando un domingo de turno no servizo de urxencias, Salgado Almeida tivo a idea de recortar unha noticia de xornal que contiña declaracións do ministro de Saúde, Correia de Campos, xuntar-lle unha frase e afixar o texto nunha das paredes do centro. A noticia fotocopiada incluía declaracións do ministro en que este afirmava nunca ter entrado nun servizo de urxencias, cuxa eficacia puña en dúbida. Salgado Almeida escribiu na follá: “Façam como o ministro, não venham ao SAP” (Servizo de Atendimento Permanente).

Ora, a pesar de Salgado Almeida ter asumido por escrito a autoría da broma, os responsábeis do ministerio decidiron tomar medidas contra a directora do centro, Maria Celeste Cardoso, que foi cesada.

MÓNACO: PALLASO SEDUTOR

O pasado día 7 de Agosto, varios políticos monaguescos cuxas caricaturas apareceron nunha publicación electrónica (Monaco Politic Circus) presentaron queixa contra o seu responsábel, Marc Giacone, por supostas inxurias. Entre os caricaturizados estaba o príncipe Alberto, que aparece nunha fotografía con un nariz vermello e definido como “Sedutor Pallaso Xefe”. O autor do sitio web, cuxo acceso foi suspendido, tivo de pedir perdón a “todas as persoas que insultou” e enfren-

ta agora unha petición de seis meses de prisión mais unha multa de 1.500 euros por “ofensa ao xefe do estado”.

“É a primeira vez que se vai tan lonxe nun atentado ao soberano”, afirmou Gerard Dubes, fiscal do caso.

TURQUIA: ARTIGO 301

Segundo o último relatório de BIANET, entre Abril e Xuño deste ano 132 persoas e sete medios de comunicación turcos foron imputados por “inxurias ao espírito turco” en aplicación do Art. 301 do Código Penal. Entre elas, os membros do grupo musical Deli (“tolo”), por unha canción contra o exame que os estudantes deben aprobar para ingresar na universidade, e a ex-presidenta da sección de Istambul da Asociación de Dereitos Humanos, acusada de utilizar o termo “Curdistán” e afirmar que “Turquia ten unha historia suxa”.

Por outra parte, no relatório anual sobre a situación da liberdade de expresión, o IPS Communication Foundation (Bianet) salienta que o número de xornalistas, editores e militantes da sociedade civil perseguidos en Turquía en virtude desta controvertida disposición duplicou en 2006 as cifras do ano anterior. Entre as persoas imputadas o ano pasado estaba Hrant Ding, o director do xornal independente Agos asasinado o 19 de Xaneiro deste ano.

MARROCOS: MONARQUÍA E RELIXIÓN

“En materia de represión contra os xornalistas, as redadas en Marrocos son sempre particularmente imprevistas, fulgurantes e brutais. O sábado 4 de Agosto, ao final da xornada, todo estaba aínda en orde: Nichane nos quioscos, TelQuel en prensa e as dúas equipas descansando despois dun esforzo notábel (232 páxinas en total). 48 horas máis tarde as dúas revistas foran secuestradas e destruídas por orde do primeiro ministro e do ministro de Interior. Os xornais non falaban doutra cousa e eu estaba imputado, despois dun longo interrogatorio policial, polo maior crime que existe en Marrocos para a prensa: ofensas ao rei. O delito (segundo os meus acusadores): ter dedicado o editorial das dúas revistas a analizar o último discurso real, preguntando-me sobre o papel dos partidos políticos, a separación de poderes, etc., e, por se fose pouco, te-lo escrito en darixa (en Nichane)”, así comeza o relato que Ahmed R. Benchemsi publica no número de Setembro das revistas Nichane e TelQuel sobre a confiscación dos números de Xullo, a súa detención, o interrogatorio de 20 horas a que foi submetido pola policía de Casablanca e o xuízo por inxurias do 24 de Agosto que pode resultar nunha condena de 3 a 5 anos de prisión e unha multa de 100.000 dirhams.

Ahmed Reda Benchemsi, gañador do premio Samir Kasin na edición de 2007 con un artigo sobre o papel de Mohammed VI na política marroquina (“O culto à personalidade”), analisava no editorial censurado o desexo expresado polo rei no seu discurso anual de as eleccións do 7 de Setembro viren “reforzar a democracia” así como a decisión de se opor firmemente “a quen cuestionase a súa lexitimidade”.

O primeiro ministro Driss Jettou xustificou a confiscación das revistas por incluíren expresións que “van contra os costumes e o moral público, ofenden os sentimentos dos musulmanos e constitúen un incumprimento ao respecto debido à Sua Maxestade o Rei”.

Nichane fora xa suspendida temporalmente no mes de Xaneiro por un Tribunal de Primeira Instancia de Casablanca, que condenara así mesmo o que era na altura o director da publicación, Driss Ksikès, e a xornalista Sanaa al Aji a tres meses de prisión e a unha multa de 80,000 dirhams por “atentaren contra a rexilión musulmana”. O delito neste caso foi a publicación de anedotas populares sobre o Islam, o sexo e a política.

Sobre a situación da prensa en Marrocos pode ler-se o documentado relatório de Joel Campagna e Kamel Labidi, “A fachada marroquina”, publicado o 3 de Xullo polo Comité para a Protección de Xornalistas (http://www.cpj.org/Briefings/2007/morocco_07/morocoweb.html). Hai versións en francés, inglés e árabe.

Lembre-se que no mes de Maio Marrocos foi incluído por este comité na lista de países onde a liberdade de expresión mais se deteriorou en anos recentes.

SEGREDOS DE ESTADO

Por outra parte, Mustafa Hormatallah, redactor do semanario árabe Al Watan al An, e o seu director, Abderrahim Ariti, foron sentenciados o 15 de Agosto a 8 e 6 meses de cárcere respectivamente pola publicación, o 14 de Xullo, dun artigo que reproducía o memorándum confidencial dun organismo de intelixencia. No documento analisava-se a vixilancia de sitios web jihadistas e pedía-se aos servizos de seguranza manterem a alerta.

“Si, publicaron unha nota interna da DGST confirmando a ameaza terrorista que paira sobre Marrocos. E qué? É o seu traballo. Que a nota era “secreta”? Non sei por qué pois non facia mais que recoller informacións difundidas por grupos terroristas... na rede! E se, por razóns que só os servizos de seguranza coñecen, a publicación desta nota levanta problemas, que comecen por limpar a súa propia casa e castíguen os que a filtraron, non os que a publicaron.”, afirma Benchemsi no saboroso artigo do número 284 da revista Tel-Quel..

EN ALEMAÑA MAIS DO MESMO

Na República alemá o goberno investiga 17 xornalistas acusados tamén de publicaren documentos clasificados con información sobre os vóos secretos da CIA e o comportamento dos servizos de intelixencia xermanos durante a invasión do Iraq, así como con o controvertido secuestro en Macedonia do cidadán alemán de orixe libanesa Khalid el-Masri, que tería padecido tortura a maos de axentes da CIA en Afganistán antes de ser posto en liberdade en Albania no ano 2004, e a detención en Guantánamo do cidadán xermano-turco Murat Kurnaz durante cinco anos.

Mais non é esta a primeira vez que o goberno alemán persegue xornalistas acusados de publicar información clasificada. Xa en Setembro de 2005, a Oficina Federal de Investigación Criminal investigara o xornalista freelance Bruno Schirra. A policía berlinesa rexistrou o seu domicilio e confiscou os seus arquivos despois de Schirra ter publicado unha reportaxe na revista Cicero de Potsdam sobre o dirixente de Al-Qaeda Abu Musab al-Zarqawi. As autoridades alegaron que o número do teléfono móvel de al-Zarqawi, incluído na reportaxe, fora copiado dun documento federal clasificado. A fiscalía acusou o xornalista de ter convencido un funcionario federal a violar a lei de segredos oficiais.

IMPOSTO ECLESIASTICO

O Comité Internacional da Unión de Ateus e Libres Pensadores (CILALP-ILCA), promove unha campaña de apoio à demanda presentada por Peter Nittmann perante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) contra o imposto eclesástico forzoso que lle foi deducido polo goberno alemán do subsídio de desemprego.

Sobre a base da Concordata do Terceiro Reich con o Vaticano de 1933, o único contrato político exterior de Hitler que a Alemaña mantén vixente na actualidade, millóns de persoas desempregadas foron suxeitas à forza desde 1975 ao imposto eclesástico. O goberno deducía-o do seu subsídio de desemprego en beneficio das dúas grandes igrexas de Alemaña: a católica-romana e a evanxélica. A cantidade substraída por este procedemento ascende a millares de millóns de euros.

VÍTIMAS SEN INDENIZAR

As diversas reclamacións presentadas nos últimos anos contra esta flagrante violación da Constitución alemá, que garante a liberdade de relixión e proíbe o privilexio ou prexuízo en razón da confesión relixiosa (Art. 4-Parágrafo 1º, Art. 3-Parágrafo 3 e Art. 33-Parágrafo 3) foron sempre desestimadas con o insólito argumento de a maioría da poboación pertencer a unha das dúas igrexas maioritarias e a recusa a pagar este imposto dun

grupo reducido de persoas supor un despregamento administrativo inxustificado. Argumento tan anticonstitucional como falaz pois en Alemaña hai xa bastantes anos que às igrexas cristiás pertence apenas a metade aproximadamente de toda a poboación activa.

En Outubro de 2005, Peter Nittmann levou o seu caso ao TEDH. Na súa demanda alega que Alemaña vulnerou os Artigos 9 (Liberdade de Relixión) e 14 (Direito a Igualdade de Tratamento) da Convención Europea de Dereitos Humanos así como o Artigo 1º (Direito de Propiedade) do Protocolo Suplementar à Convención. Solicita que lle sexan restituídos os case 900 euros que nesa altura lle levava retido o goberno en concepto de imposto eclesiástico forzoso.

A solidariedade de numerosas persoas e organizacións que recibiu a reclamación de Peter Nittmann obrigou finalmente o goberno alemán a abolir o imposto mais até ao momento non se tomou ningunha medida para devolver ás vítimas o diñeiro substraído. Agora o CILALP-ILCA promove unha campaña de escritos de apoio à demanda de Nittmann perante o TEDH. “Trata-se –afirman– dunha decisión de principio para Europa. Desde hai algun tempo, as Igrexas, cuxo número de membros diminuí progresivamente, buscan introducir impostos eclesiásticos forzosos en toda Europa –baseados no modelo que no Estado español xa é dereito vixente–, obrigatorio para todos os cidadáns, o que proporcionaría diñeiro às Igrexas, ben directamente, ben mediante organizacións eclesiásticas camufladas (organizacións con supostos “fins de utilidade pública” ou similares). O feito de as vítimas do imposto eclesiástico forzoso en Alemaña seren recoñecidas como tais e indenizadas, non é simplemente unha cuestión de xustiza senón que instituiría un exemplo no noso continente”.

CUMPLICIDADE INTELECTUAL

A detención de catro profesores alemáns acusados de « cumplicidade intelectual » con a organización Militante Gruppe (MG) provocou a alerta nos medios académicos e desatou unha campaña de protesta internacional contra o que se interpreta como unha séria ameaza à liberdade intelectual. A acusación basea-se no feito de o contido dalguns traballos académicos realizados por estes investigadores sobre o fenómeno da transformación dos bairros obreiros (a súa genticisation) coincidir con as reivindicacións do MG. Por outra parte, estes sociólogos están, apunta-se, « intelectualmente capacitados » para redactar os « sofisticados » textos con que o grupo reivindica as súas accións –textos que os axentes da policía comprenden a duras penas- e teñen acceso, na súa condición de investigadores, a fondos bibliográficos onde poder documentar-se. Por se isto non

fose avondo, algúns deles frecuentan « ambientes de extrema esquerda » ou teñen na axenda números de teléfono de persoas vinculadas ao MG. Baseando-se nestas « provas » xustifica-se na acusación a vixilancia policial de que foron obxecto os catro sociólogos (e os seus familiares e amigos) desde Setembro de 2006, a súa detención e posterior imputación.

A plataforma que coordena a protesta, Einstellung des §129a-Verfahrens sofort! (<http://einstellung.so36.net/en>), denuncia tamén a forma en que os catro profesores foron tratados durante o período de detención en comisaría (incluídos maus tratos físicos) e as duras condicións que padecen na prisión de Moabit (Berlín), onde permanecen recluídos en celas de isolamento 23 horas diárias e teñen limitadas as visitas a unha cada 15 días. Reclaman a súa inmediata posta en liberdade e a derogación do Art. 129 do Código Penal alemán, que dá cobertura a este tipo de actuacións policiais.

No web de EsCULcA (« Cumplicidade intelectual ») pode ler-se a carta aberta que a plataforma dirixe ao Fiscal Federal da República Alemá e para a cal solicita apoios.

CENTROS DE ACOLLIDA DE MENORES

Human Rights Watch apresentou o pasado día 26 un relatório en que denuncia as condicións en que viven os menores migrantes acollidos en dous centros de Canarias: La Esperanza de Tenerife, con 200 menores, e Arinaga de Las Palmas, con 135, ambos dependentes do goberno autónomo.

“O centro de emerxencia La Esperanza é un antigo centro de reforma que foi fechado por orde xudicial a meados de 2005 por non satisfacer os criterios mínimos de seguranza esixidos (...). A capacidade máxima en uso da ala un cando era centro de reforma era de 35 menores. En Xaneiro de 2007 acollía 89 menores inmigrantes (...). En termos xerais, a infraestrutura da ala dous era notavelmente peor que a da ala un”.

Frio, suxidade, cheiros a urina e tabaco, ausencia de utensilios para preparar comidas quentes, xanelas que non fechan, falta de mantas, mobília rota, ateigamento... son as condicións en que viven os menores refuxiados segundo puido comprobar directamente o comité de Human Rights Watch que visitou no mes de Xaneiro estes centros, cuxas instalacións foran arranxadas –alertan algúns menores- para recibir os visitantes.

Contodo, non é isto o mais preocupante. Os menores denuncian tamén a existencia de celas de castigo e a práctica de maus tratos. É mais grave, afirman algúns deles terían sido obxecto de abusos sexuais por parte de un funcionario. O Relatório pode ver-se no portal de Human Rights Watch (<http://hrw.org/spanish/reports/2007/spain0707/>).

MAIS MORTES NA FRONTEIRA

“Perto de dous anos depois dos dramáticos acontecementos de Setembro-Outubro 2005, cando 11 persoas foron abatidas a disparos polo simples feito de tentaren ultrapasar os valos que as separavan dos dous enclaves de Ceuta e Melilla, dúas persoas morreron na noite do 30-31 de Xullo por disparos das forzas da orde marroquinas cando tentaban embarcar nas costas de Laaioune, ao sul de Marrocos. Outras dúas persoas estarían seriamente feridas.

”Alguns días antes, en Oujda, as forzas de seguranza marroquinas lanzaran unha grande operación de limpeza contra nacionais de países subsaarianos (migrantes e solicitantes de asilo) asentados no campus universitário. Esta nova operación de envergadura deu como resultado a detención de máis de 450 persoas.”, así comeza o escrito en que un nutrido grupo de asociacións de dereitos humanos denuncian a situación das persoas subsaarianas nas zonas fronteirizas de Marrocos e no que esixen unha investigación séria e imparcial destes graves acontecementos.

XUÍZO A AZNAR

O pasado 31 de Maio a plataforma Juicio a Aznar (<http://www.juicioaznar.net/>) fixo público un documento en que solicita o apoio dos partidos e persoas que non queiran “continuar sendo cómplices” da guerra contra o Iraque para esixir responsabilidades políticas e xudiciais do anterior presidente do goberno español.

“Así mesmo, esperamos das instancias xudiciais que apliquen o principio de igualdade perante a lei e non amparen a impunidade de quen violou a legalidade, estatal e/ou internacional, polo seu especial relevo político.”, alertan.

O NEGÓCIO DAS ARMAS

Pau Global (www.justiciaipau.org) publica unha serie de moi interesantes artigos sobre o secretismo dos gobernos europeos (incluído o español) en torno ao negocio da venda de armas a diferentes estados, entre eles o de Israel.

“O argumento máis utilizado polos gobernos de todo o mundo para xustificar este secretismo é a necesidade de protexer a seguranza nacional do estado vendedor, a do estado comprador e a confidencialidade das empresas”, salienta Alejandro Pozo. Argumento que desmente claramente a lei italiana 185/90, aprobada por presión social após o escándalo da participación da Banca Nazionale del Lavoro na venda ilegal de armas ao goberno de Saddam Hussein

DETIDO UN REFUXIADO CURDO

O pasado 29 de Maio, a policía española detivo en Maiorca, a requerimento da Interpol, o refuxiado político de orixe curda Binali Yildirim, que corre agora o risco de ser extraditado a Turquía.

Binali Yildirim pasou seis anos nas prisións turcas, onde padeceu torturas. Cando o goberno turco construíu as prisións de isolamento tipo F, duramente criticadas polas institucións europeas de dereitos humanos, Yildirim participou xunto con outros 500 detidos nunha folga de fame que durou 78 días. Debido ao seu precario estado de saúde, foi posto en liberdade e autorizado a abandonar o país. Casado e con dous fillos, desde 2001 vive e traballa en Hamburgo onde ten recoñecido o estatuto de refuxiado político, o que significa que se encontra sob a protección da República Federal alemá, protección que agora corre o risco de perder se o goberno español decide entregá-lo a Turquía.



MORTE SEN ESCLARECER

A Federación para a Defensa e Promoción dos Dereitos Humanos en España, demanda unha investigación urxente e exhaustiva que esclareza as circunstancias da morte do migrante nixeriano Osamuyia Aikpitanhi acontecida o pasado 9 de Xuño. A Federación salienta o feito de seren diversas e contraditorias as versións que ofrecen do acontecido diferentes “fontes de primeira mao” e subliña que algunhas destas fontes apuntan como responsábeis directos os funcionarios que custodiaban o Sr. Aikpitanhi, informa a Comisión Española de Axuda ao Refuxiado.

Segundo alguns destes testemuños, os axentes españois arrestaron o Sr. Aikpitanhi, golpearon-no, ataron-lle mans e pernas con cordas e amordazaron-no. A seguir, levaron-no carregado como un animal ao interior dun avión de Ibéria con destino a Lagos. Xa no interior, cobriron-no con un saco para evitar que outros pasaxeiros observasen o estado en que era trasladado e a pouco de descolar o avión morreu, abafado segundo parece pola mordaza que lle puxeran os axentes.

BIBLIOTECA

Censored 2006

Proxecto Censurado

Cada ano, investigadores de Project Censored exploran os medios buscando noticias que nunca chegaron realmente a aparecer e publican os resultados. As noticias que recollen non son censuradas no sentido estrito do termo. Sabendo buscar, é posíbel encontrar a maioría delas na Internet, algunhas mereceron mesmo un pequeno oco na prensa dominante. Mais ao non recibir a atención que merecen, non chegan nunca à consciencia do grande público.

Qu'est-ce que la laïcité? (Gallimard, 2003)

H. Pena Ruiz

Exposición clara e pedagóxica dos fundamentos semánticos, históricos e xurídicos da laicidade. Como a súa práctica conduz a diferenciar a esfera do público e o privado, a rexeitar o comunitarismo, recusar os dogmas, asegurar a neutralidade do Estado a respecto das diferentes confesións, garantir a liberdade de consciencia, lutar contra as discriminacións de calquera tipo e respectar a igualdade de dereitos e deberes de todas as persoas (vide www.europe-et-laicite.org).

Hacia la escuela laica (Ed. Del Laberinto, 2006)

Francisco Delgado Ruiz

A análise que Francisco Delgado realiza, xunto con un grupo de colaboradores, neste traballo pretende ser un convite à reflexión individual e colectiva, tanto no ámbito escolar como político e social, sobre a importancia que para a democracia ten o respecto à pluralidade de pensamento e de consciencia. Despois de un breve repaso de carácter histórico comparado, os autores examinan a realidade actual da escola e a permanencia do seu carácter relixioso, unha vez aprobada a LOE. A seguir apuntan unha serie de ideas sobre como avanzar para un modelo democrático de escola laica. Todo isto exposto de maneira sinxela e amena. O libro vai dirixido, expresamente, a docentes, pais e nais, APAS, alumnado e a todas aquelas persoas interesadas en analizar o laicismo e a influencia que, aínda hoxe, exerce a igrexa católica sobre o sistema educativo español. (vide www.europalaica.com).

PÁXINAS

www.europe-et-laicite.org/ / www.europalaica.com/ / www.laicidade.org

Europe & Laïcité, Europa Laica, República e Laicidade son asociacións que traballan no ámbito europeo e promoven campañas a favor da sociedade secular e laica nos seus respectivos estados (francés, español e portugués). Publican noticias, denuncias, documentación, textos temáticos, históricos e legislativos, biografías e bibliografías, e mesmo humor.

S		
	APRESENTACIÓN	1 ...
U	ESCALA	2 ...
M	ANÁLISES E RELATÓRIOS	2 ...
	BREVES	8 ...
A	BIBLIOTECA	16...
R		
I		
O		
C		
O		
L		
A		
B		
O		
R		
A		
N		
	Pedro Bouso Cedrón	
	Justo G. Beramendi	
	José Ángel Brandariz	
	Tony Bunyan	
	Pepe Carreiro	
	Marc Carrillo	
	Xoan Cons	
	Gustavo García	
	Valentín García	
	Pablo González Mariñas	
	Ben Hayes	
	Manuel Janeiro	
	Héctor López de Castro	
	Celso López-Pazos	
	Ramón López-Suevos	
	Gustavo Luca de Tena	
	Xaquín Marín	
	Fernando M. Randulfe	
	Miguel Anxo Murado García	
	Guillermo Presa	
	Anxo Quintela	
	X. A. Ramos	
	Elvira Souto	
	Roch Tassé	
	José Luis Torrente	
	Vitor Vaqueiro	
	Valeiras	
	Suso Sanmartín	
	Anxel Huete	
	Elvira Landín	